

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 30 de xullo de 2025 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 25 de xuño de 2025.
- * Aprobación da proposta de modificación de RPT nos servizos de Detección Remota e Microscopía Electrónica do CACTI.
- * Aprobación das modificacións na normativa de profesorado substituto.
- * Aprobación da contratación dunha profesora visitante para o curso 2025/26 no Departamento de Escultura (H07).
- * Aprobación do modelo de convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para levar a cabo conxuntamente a organización e o desenvolvemento das ensinanzas oficiais de programas de grao e mestrado.
- * Aprobación do calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, mestrado e doutoramento para o curso 2027/2028.
- * Aprobación da normativa de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao co itinerario específico na Universidade de Vigo.
- * Aprobación da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Servizo de Publicacións.
- * Aprobación das bases do programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo para o 2025.
- * Aprobación da creación do Instituto en Ciencias do Deporte (INCIDE).
- * Aprobación da creación da spin off CIES5SEC.
- * Aprobación da solicitude pola Universidade de Vigo da cesión pola Xunta de Galicia dos edificios Morse e Enfermería do antigo complexo da Escola de Transmisións e Electrónica da Armada (ETEA) en Teis, Vigo.
- * Aprobación da proposta de modificación do Regulamento para a docencia en lingua estranxeira nos centros da Universidade de Vigo (ReDLE).
- * Nomeamento dos membros da Comisión contra o Acoso Sexual e por razón de Sexo (CAS), a proposta da Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo:
 - Representante do PDI: Jose María Faílde Garrido. Profesor titular da área de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos.
 - Representante do PTXAS: David Basalo Domínguez. Coordinador da Unidade de Análises e Programas.
 - Representante do estudantado: Manuel Leonardo Torrecilla Río. Estudante do Grao de Enxeñaría Informática.

- * Elección dos seguintes membros das comisións delegadas do Consello de Goberno:
 - Comisión delegada de Organización Académica e Profesorado: María Rosa Pérez Rodríguez.
 - Comisión delegada de Extensión Universitaria e Estudiantes: María Isabel Mociño González
- * Elección dun representante do estudantado no Comité de Dirección da EIDO:
 - Ámbito Tecnolóxico: Diego Cajaraville Aboy.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.